

Código do documento	Código do expediente
USG16I01R6	USG/2022/74
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0Z4I 4K62 1D3I 0D3P 175A	

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 9 DE MAIO DE 2022.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.^a María Guadalupe Pombo Carril
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.^a Jéssica Méndez Sánchez

INTERVENTOR ACCIDENTAL:

D. Roberto Babío Fernández

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e nove minutos do día nove de maio do ano dous mil vinte e dous, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.^a María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.^a Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.^a Jéssica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión o Sr. interventor accidental, D. Roberto Babío Fernández.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA EN DATA 4 DE MAIO DE 2022.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión extraordinaria celebrada en data 4 de maio de 2022, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión extraordinaria realizada en data 4 de maio de 2022.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Orde do 28 de abril de 2022, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de recollida de residuos especiais de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NexGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para o ano 2022 (código de procedemento MT975M). DOG núm. 87 do 05-05-2022.
- Anuncio do 29 de abril de 2022, do Concello de Culleredo, de exposición pública do padrón do prezo público pola prestación de ensinanza do Conservatorio de Música Municipal do mes de xaneiro e febreiro de 2022. BOP núm. 85 do 05-05-2022.

- Anuncio do 18 de marzo de 2022, do Concello de Culleredo, de delegación das funcións da alcaldía no segundo tenente de alcalde, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, o día 18 de marzo de 2022. BOP núm. 85 do 05-05-2022.
- Anuncio do 25 de marzo de 2022, do Concello de Culleredo, de delegación das funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, D.^a María Guadalupe Pombo Carril, os días 25 e 28 de marzo de 2022. BOP núm. 85 do 05-05-2022.
- Anuncio do 30 de marzo de 2022, do Concello de Culleredo, de delegación das funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, D.^a María Guadalupe Pombo Carril, o día 31 de marzo de 2022. BOP núm. 85 do 05-05-2022.
- Anuncio do 27 de abril de 2022, do Concello de Culleredo, de delegación das funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, D.^a María Guadalupe Pombo Carril, a partir do día 25 de abril de 2022 ata a súa reincorporación. BOP núm. 85 do 05-05-2022.
- Anuncio do 27 de abril de 2022, do Concello de Culleredo, de delegación das funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, D.^a María Guadalupe Pombo Carril, o día 28 de abril de 2022. BOP núm. 85 do 05-05-2022.
- Anuncio do 29 de abril de 2022, do Concello de Culleredo, relativo á apertura do prazo para a presentación de solicitudes para o proceso selectivo para a formación dunha lista de substitución de arquitecto/a (persoal funcionario interino). BOP núm. 86 do 06-05-2022.

C.I.F. P-1503100-H

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellería delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte:

*SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.			
Data da resolución	Nº resolución	Tipo de resolución	Intensidade
29/04/2022	899	Dar de baixa no servizo municipal de axuda a domicilio a ***8671**, por superar a suspensión do servizo o máximo de tempo regulado pola normativa en vigor.	
29/04/2022	900	Conceder a ***8869** o Servizo de Teleasistencia domiciliaria e dar traslado desta resolución á Deputación da Coruña.	
29/04/2022	901	Conceder a ***1429**, a ***9394** e ***1421** o Servizo de Teleasistencia domiciliaria e dar traslado desta resolución á Deputación da Coruña.	

****PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Código do documento	Código do expediente
USG16I01R6	USG/2022/74
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 0Z4I 4K62 1D3I 0D3P 175A	

C.I.F. P-1503100-H

Data da resolución	Nº resolución	Tipo de resolución	Obxecto da axuda	Importe
29/04/2022	898	Conceder a ***6449** unha axuda económica.	Bono de alimentos tipo A, cunha periodicidade de dúas vees ao mes, durante 6 meses e o bono de hixiene tipo A, cunha entrega mensual durante 6 meses do ano 2022. Gastos de farmacia de xaneiro a outubro de 2022.	
29/04/2022	902	DENEGAR a ***1375** as axudas para abono de aluguer por non quedar acreditada a situación de necesidade.		
29/04/2022	903	Conceder a ***6236** unha axuda económica	para o pago de aluguer, por importe de , correspondente aos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2022 (375€/mes) e parte de abril de 2022 (33€).	1.158€
29/04/2022	904	Conceder a ***7142** unha axuda económica.	Pago de aluguer correspondente aos meses de novembro e decembro de 2021, xaneiro, febreiro e marzo de 2022 (220€/mes) e parte de abril de 2022 (58€).	1.158€
29/04/2022	909	DENEGAR a 49679916P as axudas para abono de aluguer por non quedar acreditada a situación de necesidade.		
29/04/2022	910	Conceder a ***1114** unha axuda económica.	Pago de aluguer correspondente aos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2022 (330€/mes) e parte de abril de 2022 (168€).	1.158€
29/04/2022	911	Conceder a ****6033* unha axuda económica.	Pago de aluguer correspondente aos meses de decembro de 2021, xaneiro e marzo de 2022 (350€/mes) e parte de abril de	1.158€

Código do documento	Código do expediente
USG16I01R6	USG/2022/74
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 0Z4I 4K62 1D3I 0D3P 175A	

C.I.F. P-1503100-H

			2022 (108€).	
29/04/2022	912	Conceder a ***8152** unha axuda económica	Pago de aluguer correspondente aos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2022 (350€/mes) e parte de abril (108€).	1.158€
29/04/2022	913	Conceder a ***6838** unha axuda económica	Pago de recibos de electricidade correspondente a facturas emitidas en data 14/10/2021 (73,36€), 18/11/2021 (61,66€), 19/12/2021 (64,24€) e 17/01/2022 (95,30€).	294,56€
29/04/2022	914	Conceder a ***0193** unha axuda económica.	Pago de hipoteca, correspondente aos meses de novembro e decembro de 2021 e xaneiro de 2022 (352,62€/mes) e parte do mes de febreiro de 2022 (100,18€).	1.158,04€
29/04/2022	917	Conceder a ***3558** unha axuda económica.	Pago de aluguer correspondente aos meses novembro e decembro de 2021, xaneiro e febreiro de 2022 (250€/mes) e parte de marzo de 2022 (158€).	1.158€

****SUBVENCIONES SOLICITADAS:**

Data da resolución	Nº resolución	Tipo de resolución	Importe	ORGANISMO
29/04/2022	905	Solicitar por parte do Concello de Culleredo unha axuda para o <i>Programa de apoio aos CIM (Código de procedemento SI427B)</i> e aceptar expresamente as condicións de financiamento da convocatoria e demais requisitos (CIM).	88.259,02 €	Xunta de Galicia

»

2.2.2.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da concellería delegada de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo:

“ACTIVIDADES CULTURAIS

XOVES 12 DE MAIO

Biblioteca González Garcés do Burgo. 18.00 h:

Código do documento	Código do expediente
USG16I01R6	USG/2022/74
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0Z4I 4K62 1D3I 0D3P 175A	

Onde viven os monstros, a cargo de Carmen Domech
Nenos/as de 3 a 11 anos.

VENRES 13 DE MAIO.

Salón de actos do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 19.30 h.

Elefante Elegante: *Cubo*.

Público infantil. Reserva de asentos na mesma semana da obra no teléfono 981665597.

VENRES 13 DE MAIO.

Aula de Natureza “Juan Lembeye” do Xardín Botánico do Burgo. 20.00 h:

Apertura da exposición fotográfica *Xentes do mar*, de Foto Acción Coruña.

Ata o 23 de xuño.”

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta e catro minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

O alcalde

(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H